



GRUPO MUNICIPAL

MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ, Vicevoceira do Grupo Municipal MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno do Concello de Pontevedra, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte PROPOSICIÓN ao abeiro dos artigos 67, 117 e 118 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións, solicitando que o Concello **AMPLÍE O NÚMERO DE PRAZAS DE ALOXAMENTO PARA AS PERSOAS SEN TEITO, E SE INCREMENTE A PARTIDA ORZAMENTARIA DESTINADA A TAL FIN.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas en situación de exclusión social sen fogar que viven as 24 horas do día na rúa son a parte mais visible do “senfogarismo” (sen fogar), pero non son as únicas, xa que as persoas que dormen nos albergues ou en espazos sen condicións de habitabilidade dispoñen dun teito pero non dun fogar.

Non dispoñer dun fogar digno, permanente e axeitado ás necesidades de cada un fai imposible o desenvolvemento persoal, a vida privada, as relacións sociais. Ademais, impide exercer e gozar de dereitos básicos recoñecidos coma a vivenda, a privacidade, a intimidade, a seguridade.

O Concello de Pontevedra non conta cun albergue de xestión municipal para dar resposta ás necesidades de aloxamento das persoas que non teñen teito, transeúntes ou que, mor das circunstancias sociais, económicas e/ou familiares diversas, carecen da posibilidade doutro tipo de aloxamento.

A causa diso, o Concello convenia con dúas entidades sociais o mantemento e funcionamento de dous albergues situados na cidade de Pontevedra, para dar aloxamento de carácter temporal e por un período limitado de tempo (15 días de media). Un dos albergues está en Monte Porreiro e xestiónao Cáritas Diocesana Interparroquial (“San Javier”). O outro está na rúa Casimiro Gómez e xestiónao a congregación de San Vicente de Paul (“Calor e Café”). Hai para eles unha dotación orzamentaria, respectivamente, de 29.000 euros e de 15.000 euros (cantidades actualizadas conforme ao incremento do IPC).

O albergue de Cáritas conta cunha capacidade de 20 prazas, destinadas a homes maiores de 18 anos, e o de San Vicente Paul ofrece outras 12 prazas, tanto para homes como para mulleres. En ambos os lugares se lles ofrecen aos aloxados, entre outros, os seguintes servizos: cea, almuerzo, lavandería e aseo persoal todos os días da semana (agás durante o mes de agosto, cando o albergue de “Calor e café” pecha e, por tanto, se reduce aínda máis o número de prazas dispoñibles).

Con moita frecuencia, a ocupación é total, posto que a demanda é maior que as prazas de aloxamento ofertadas. No momento en que se produce o descenso nas temperaturas durante o inverno, desde Benestar Social actívase o “protocolo de frío”, que habitualmente coincide cos meses de decembro, xaneiro e febreiro. A través deste protocolo aténdese ás persoas sen teito que non conseguen ser acollidas en ningún dos albergues, e son derivadas a un hostel. Entre 30 e 35 pernoctacións son contratadas a través deste servizo, claro sinal de que se precisan mais prazas para poder atender as necesidades de aloxamento dun colectivo tan vulnerable.

A teor dos datos, e tendo en conta a situación socioeconómica das persoas sen teito, é evidente a insuficiencia no número de prazas dispoñibles nos albergues-aloxamentos; sobre todo, se temos en conta que a súa ocupación rolda entre o 95 e o 100 por cento de xeito diario, e mesmo se amplía cando se producen condicións meteorolóxicas adversas (choivas intensas ou vagas de frío).

Por todo isto, Marea Pontevedra presenta a seguinte,

PROPOSICIÓN

1. Que o Concello impulse e garanta a ampliación do número de prazas de aloxamento para as persoas sen teito, tanto nos albergues coma noutros lugares alternativos, sobre todo, durante as épocas en que padecemos unha meteoroloxía máis adversas.
2. Que o Concello incremente a partida orzamentaria destinada ao aloxamento (mantemento e funcionamento dos servizos) que se lles ofrece ás persoas sen teito.

Pontevedra, 15.11.2015

A Vicevoceira do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ